

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. 14

As Minas de Wolfram de Valborrás de Casaio (Carballada de Valdeorras)

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 19 de setembro de 2017



O obxecto formal deste encontro é ofrecer un breve estudo histórico do Destacamento Penal das Minas de Wolfram de Valborrás de Casaio (Ourense) desde a súa fundación no mes de setembro de 1942 ata o seu peche a principios de xullo de 1944. Neste destacamento, situado nun dos puntos máis orientais de Galicia (termo de Casaio, no concello de Carballeda de Valdeorras) e na careada norte do Macizo Galaico-Leonés de Pena Trevinca, a unha altura aproximada entre 1300 e 1900 metros sobre o nivel do mar, redimiron penas polo traballo 463 penados, todos eles ex-combatentes republicanos na Guerra Civil, procedentes de case toda a xeografía española.

Comézase cunha breve exposición da evolución histórica das explotacións de wolfram no marco xeográfico onde están situadas as minas de Valborrás. Faise unha sucinta referencia á evolución das concesións e da explotación mineira nestas paraxes, que para unha maior comprensión divídese diacronicamente en tres fases: *fase belga* (1913-1929), *fase dos alemáns* (1938-1945) e *fase final* (1945-1963), con especial fincapé na fase alemá. Precisamente foi na fase alemá cando tivo lugar a creación do Destacamento Penal para Redención das Penas polo Traballo. Este destacamento ten a súa orixe no escrito que o 9 de setembro de 1942 Luís Soloaga Asua, enxeñeiro director da empresa Montes de Galicia, S.A., concesionaria desta mina e pertencente ao consorcio hispano alemán SOFINDUS, dirixiu ao Padroado Central para a Redención das Penas polo Traballo, dependente da Dirección Xeral de Prisións, solicitando 62 traballadores (29 mineiros perforadores, 29 mineiros axudantes e 4 servizos auxiliares), para ser empregados nas minas que a citada compañía tiña en Valborrás, termo de Casaio.

Contéplase a evolución do número da poboación recluída: lugar de orixe, condenas, prisións de procedencia, relación de todos os 463 presos, que pasaron polo Penal, etc. Ofrécese tamén o réxime penal, tendo en conta o aspecto laboral, o rendemento, a alimentación, a sanidade, as visitas de control, vixilancia, formación, asistencia espiritual, retribución económica, redención de penas, etc., para finalizar coa supresión do Destacamento Penal por mor de varias fugas de reclusos, que tiveron lugar a finais de xuño e principios de xullo de 1944, a raíz do desembarco de Normandía dos Aliados, e coa relación dalgúns dos fuxidos cos maquis.

PROGRAMA

17.00 horas
Presentación

17.15 horas
Proxección do documental *Lobos
sucios* (2006)

17.45 horas

*Destacamento Penal das Minas de Wolfram de
Valborrás de Casaio (Carballeda de Valdeorras)*

Isidro García Tato, científico titular do
Consejo Superior de Investigaciones
Científicas (CSIC)

18.15 horas

Debate

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COORDINA

Isidro García Tato

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

